**Datos Do Expediente:**

| | | |
|---|---|---|
| XUNTA DE GOBERNO LOCAL | | |
| Unidade Tramitadora: | | |
| Organos de Goberno e Central – | | |
| Número expediente: | Documento: | |
| AYT/XGL/3/2022 | GOB16I01Z | |
| 2S3Q0Z434L2E2H0X0PJF | | |

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA VINTESETE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTEDOUS

| | |
|---|---|
| **SRES/AS ASISTENTES:**<br><br>**SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:**<br>MARIÁN FERREIRO DÍAZ<br><br>**SRES/AS CONCELLEIROS/AS:**<br>D/Dª GUILLERMO SANCHEZ FOJO<br>D/Dª MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ<br>D/Dª ROMAN ROMERO FRANCO<br>D/Dª M.DEL MAR GOMEZ CASAL<br>D/Dª JOSE OREONA BRA<br>D/Dª JOSE DAVID PITA BREIJO<br><br>**NON ASISTE:**<br>D/Dª MARIA DE LA MERCED TAIBO REY<br><br>**SRA. INTERVENTORA XERAL:**<br>D/Dª MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ<br><br>**SR. SECRETARIO XERAL:**<br>D/Dª ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI | Na casa do Concello de Narón, ás 11:00 do vintesete de xaneiro de dous mil vintedous, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.<br><br>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.<br><br>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes: |

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local, deulle a súa aprobación.

2 **.- DAR CONTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL DA ACEPTACIÓN DE SUBVENCIÓNS E APROBACIÓN DE VARIAS CONTAS XUSTIFICATIVAS.**.- Vista a proposta formulada que di asi:
A funcionaria de Asistencia á Secretaría, en data 19/01/2022, elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ASI16I00R que di:

“

| | |
|---|---|
| *TIPO DE DOCUMENTO* | *Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local* |
| *DESTINATARIO* | *Alcaldía / Servizos Económicos* |
| *ASUNTO* | *Dar conta da aceptación de subvencións e aprobación de contas xustificativas* |



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

*1) Dende o Departamento de Servizos Xerais, aceptáronse a data de hoxe as seguintes subvencións a través das resolucións de Alcaldía indicadas:*

| *Expediente* | *Denominación* | *Órgano concedente* | *Importe solicitado* | *Importe concedido* | *Resolución da aceptación* | *Data resolución* | *Documento toma razón* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *ASI/48/2021* | *Obras mantemento e conservación da Biblioteca Pública Municipal* | *Xunta – Consellería de Cultura, Educación e Universidade* | *23.222,71 €* | *20.900,44 €* | *ASI15I0PJ* | *29/10/2021* | *ICO15I0FD* |
| *ASI/52/2021* | *Proxecto "Narón emprende en azul"* | *Xunta – Consellería do Mar (GALP)* | *46.352,60 €* | *41.717,34 €* | *ASI15I0T8* | *09/12/2021* | *ICO15I0I2* |

*2) Dende o Departamento de Servizos Xerais, aprobáronse a data de hoxe as seguintes contas xustificativas de subvencións a través das resolucións de Alcaldía indicadas:*

| *Expediente* | *Subvención* | *Órgano concedente* | *Importe concedido* | *Importe a xustificar* | *Importe xustificado* | *Resolución da aprobación* | *Data resolución* | *Documento toma razón* |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *ASI/9/2021* | *Mellora da eficiencia enerxética da iluminación do Centro de Formación Municipal Irmáns Froilaz* | *Xunta – Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo* | *7.344,70 €* | *7.344,70 €* | *7.281,78 €* | *ASI15I0P8* | *28/10/2021* | *ICO15I0F3* |
| *ASI/4/2021* | *Reforzo de pavimento en rúa Panadeiros, rúa Arrieiros e acceso a Polígono Río do Pozo* | *Xunta – Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación* | *95.090,87 €* | *118.863,59 €* | *89.422,00 €* | *ASI15I0QM* | *16/11/2021* | *ICO15I0GM* |
| *ASI/41/2021* | *Redacción do Plan de Emerxencia ante situacións de seca* | *Augas de Galicia* | *10.260,80 €* | *12.826,00 €* | *12.093,95 €* | *ASI15I0SC* | *29/11/2021* | *ICO15I0H8* |
| *ASI/48/2021* | *Obras mantemento e conservación da Biblioteca Pública Municipal* | *Xunta – Consellería de Cultura, Educación e Universidade* | *20.900,44 €* | *43.542,58 €* | *48.041,97 €* | *ASI15I0UJ*<br>*ASI16I007* | *15/12/2021*<br>*12/01/2022* | *ICO15I0IM*<br>*ICO16I009* |

*Resultan de aplicación, no tocante á aceptación de ditas subvencións e á aprobación das contas xustificativas, os seguintes*

***F U N D A M E N T O S  D E  D E R E I T O:***

*- Resolucións da Alcaldía, do 25 de xuño de 2019, sobre designación de Tenentes de Alcalde, delegados da alcaldía, membros da Xunta de Goberno Local e das delegacións feitas pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local. Nesta resolución, a Alcaldía-Presidencia delega na Xunta de Goberno Local, entre outras facultades, a solicitude de subvencións a outras administracións públicas, así como a súa aceptación e xustificación, no seu caso.*

*No tocante ás subvencións referidas, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria a tempo de que expire o prazo outorgado nas convocatorias para aceptar o xustificar as mesmas, e en uso das facultades de avocación que a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, no seu art. 10, concede á Alcaldía-Presidencia, enténdese tacitamente avocada a delegación de aceptación das subvencións e aprobación das contas xustificativas, sen prexuízo de dar conta ao órgano lexitimamente facultado para iso, o cal é obxecto desta proposta.*

*Por todo o anterior, quen subscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:*

*Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción das resolucións polas que se aceptan as referidas subvencións e se aproban as contas xustificativas.*

"

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I00I, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local das anteditas resolucións.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

3 **.- DAR CONTA DA SOLICITUDE DA SUBVENCION "PROXECTO DESCRICION REXISTROS TRIBUTARIOS DENDE O SECULO XIX E OUTROS".**.- Vista a proposta formulada que di asi: A Técnica de Arquivo, en data 24/01/2022, elevou a esta alcaldía o informe-proposta de código ARQ16I011 que literalmente di:

"

| | |
|---|---|
| *TIPO DE DOCUMENTO* | *Informe-Proposta de Acordo de Xunta de Goberno Local* |
| *EXPEDIENTE* | *ARQ/1/2022: Solicitude Subvención Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros* |
| *DESTINATARIO* | *Alcaldía / Servizos Económicos* |
| *ASUNTO* | *Dar conta da solicitude de subvención* |

*Con data 19/01/2022 a Alcaldesa deste Concello ditou a resolución de código ARQ16I00O que di:*

"

*Con data 18/01/2022 a Técnica de Arquivo elevou a esta Alcaldía o informe-proposta de código ARQ16I00I que di:*

"

| | |
|---|---|
| *TIPO DE DOCUMENTO* | *Informe-Proposta* |
| *EXPEDIENTE* | *ARQ/1/2022: Solicitude Subvención Proxecto Descrición Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros* |
| *DESTINATARIO* | *Alcaldía / Servizos Económicos* |
| *ASUNTO* | *Solicitude de Subvención* |

*No DOG núm. 242, do 20 de decembro de 2021, publicouse a ORDE da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, do 2 de decembro de 2021, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas destinadas á colaboración no financiamento de actuacións en materia de arquivos e se procede a súa convocatoria para o ano 2022 (código de procedemnto CT130A)*

*Segundo o artigo 23.3 de ditas bases o proxecto será cofinanciado entre o solicitante e a Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A axuda máxima por beneficiario que concederá a consellería será de 6.000 € por proxecto, que en ningún caso poderá exceder do 80 % do investimento total aprobado.*

*Segundo o plan de financiamento provisional elaborado por esta funcionaria, o importe total do proxecto é de 7.500€. Resultan de aplicación, para solicitar a subvención, os seguintes*



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es

***FUNDAMENTOS DE DEREITO:***

*- Bases de execución dos Orzamentos do ano 2021, prorrogados para 2022. Concretamente a base 52, apartado 1, sinala que as solicitudes de subvencións ou propostas de achega a outros organismos ou institucións que se sometan á aprobación da Xunta de Goberno Local deberán ir acompañadas dun plan de financiamento con indicación das cantidades correspondentes, no seu caso, á achega do Concello e das aplicacións orzamentarias de procedencia. A tal efecto, quen subscribe elaborou o plan de financiamento adxunto de código ARQ16I009*

*- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. No seu art. 10, esta lei indica que os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun asunto que corresponda resolver ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial o fagan conveniente. […] En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento.*

*Neste caso, corresponde á Alcaldesa-Presidenta a avocación da delegación de solicitude de subvención na Xunta de Goberno Local, debido á imposibilidade de tramitar a correspondente proposta nunha sesión ordinaria en prazo suficiente antes de que expire o prazo outorgado na convocatoria para formular a solicitude, sen prexuízo de dar conta á Xunta de Goberno Local de dita solicitude e do acto de avocación.*

*Polo anteriormente exposto, quen subscribe eleva á Alcaldía-Presidencia a seguinte*

***PROPOSTA DE ACORDO:***

*PRIMEIRO: Avocar, da Xunta de Goberno Local, a facultade de solicitude de subvención da convocatoria de referencia, polos motivos expostos nos fundamentos de dereito e dando conta a ese órgano do adoptado neste acordo.*

*SEGUNDO: Aprobar inicialmente o seguinte plan de financiamento para o Proxecto de Descrición de Rexistros Tributarios dende o século XIX e outros, de acordo co establecido no informe adxunto de código ARQ16I009 e que aquí se amosa:*

<table>
<tr><td colspan="2">PROXECTO</td><td colspan="3">SOLICITUDE SUBVENCIÓN PROXECTO DESCRICIÓN REXISTROS TRIBUTARIOS DENDE O SECULO XIX E OUTROS</td></tr>
<tr><td colspan="2">IMPORTE TOTAL (CON I.V.E)</td><td colspan="3">7.500€</td></tr>
<tr><td colspan="5">FONTES DE FINANCIACIÓN</td></tr>
<tr><td colspan="5">RECURSOS EXTERNOS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADES</td><td>Partida de Ingresos</td><td>750.80</td><td></td><td rowspan="2">6.000€</td></tr>
<tr><td>Contrapartida de gastos</td><td>9200.64000</td><td>6.000€</td></tr>
<tr><td colspan="2">TOTAL RECURSOS EXTERNOS</td><td colspan="2">80%</td><td>6.000€</td></tr>
<tr><td colspan="5">FONDOS PROPIOS</td></tr>
<tr><td>Orzamento</td><td>Partida de Gastos</td><td colspan="2">*9200.64000</td><td>1.500€</td></tr>
<tr><td colspan="2">FONDOS PROPIOS</td><td colspan="2">20%</td><td>1.500€</td></tr>
</table>

**O gasto financiado con recursos propios imputarase ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 9200.6400, previa tramitación dun expediente de modificación de crédito por transferencia dende 9200.48009*

*Logo da publicación da concesión definitiva, na que se coñecerá o importe exacto que se concede, procederá a aprobación definitiva do plan de financiamento, o que comportará a correspondente contabilización desde o Servizos Económicos dos importes aprobados.*

*No momento de aceptar, no seu caso, a subvención, procederá a tramitación do correspondente expediente de modificación de crédito.*

*A través desta solicitude, o Concello de Narón acepta as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde para o devandito proxecto.*

*TERCEIRO: Designar á Alcaldesa-Presidenta, Marián Ferreiro Díaz, como representante do Concello para as relacións cos mencionados organismos para os actos derivados da execución deste acordo.*
*”*

*Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello (documento adxunto de código ICO16I00F), esta Alcaldesa*

***RESOLVE:***

*Aprobar a proposta transcrita en todos os seus termos.*
*“*

*En cumprimento do establecido no punto primeiro da resolución anterior, no tocante ás facultades avocadas, quen suscribe solicita á Alcaldía-Presidencia:*
*Dar conta á Xunta de Goberno Local da adopción da resolución transcrita.*
*“*

Visto dito informe e logo da toma de razón da Intervención deste Concello, segundo o documento adxunto de código ICO16I00Z, esta Alcaldesa:

Da conta á Xunta de Goberno Local da antedita resolución.

A Xunta de Goberno Local, deuse por enterada.

## 4º.- <u>ROGOS E PREGUNTAS</u>

Non se formularon.

V. e pr.

F_FIRMA_96 F_FIRMA_4



CONCELLO DE NARÓN
Praza de Galicia, s.n. · 15570 · Narón · A Coruña · CIF: P 1505500 G · Tel.: 981 337700 · Fax: 981337701 · www.naron.es